



1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CD3SAN000900	Hixiene bucodental	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1709	Itinerario persoal para a empregabilidade I	2024/2025	3	107	107
MP1709_12	Prevención de riscos laborais	2024/2025	3	50	50
MP1709_22	Empregabilidade e relacións laborais	2024/2025	3	57	57

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA ELENA HERMIDA REIGOSA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo



2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O módulo de IPE contribúe a acadar as seguintes competencias profesionais, persoais e sociais:

- m) Integrarse na organización da empresa colaborando na consecución dos obxectivos e participando no grupo de traballo con actitude respectuosa e tolerante.
- n) Cumprir cos obxectivos da produción, colaborando co equipo de traballo e actuando conforme os principios de responsabilidade e tolerancia.
- o) Adaptarse a diferentes postos de traballo e a novas situacións laborais orixinadas por cambios tecnolóxicos e organizativos nos procesos produtivos.
- p) Resolver problemas e tomar decisións individuais seguindo as normas e os procedementos establecidos, definidos dentro do ámbito da súa competencia.
- q) Exercer os seus dereitos e cumprir as obrigas derivadas das relacións laborais, de acordo co establecido na lexislación.
- r) Xestionar a súa carreira profesional, analizando as oportunidades de emprego, de autoemprego e de aprendizaxe.
- t) Participar na vida económica, social e cultural cunha actitude crítica e responsable.

Asimismo; contribúe a acadar os seguintes obxectivos xerais:

- p) Recoñecer os seus dereitos e deberes como axente activo na sociedade, analizando o marco legal que regula as condicións sociais e laborais para participar na cidadanía democrática
- q) Manter comunicacións efectivas co seu grupo de traballo interpretando e xerando instrucións, propondo solucións ante continxencias e coordinando as actividades dos membros do grupo con actitude aberta e responsable, para se integrar na organización da empresa.
- r) Analizar e describir os procedementos de calidade, prevención de riscos laborais e ambientais, sinalando as accións que haxa que realizar en casos definidos, para actuar de acordo coas normas estandarizadas.
- s) Valorar as actividades de traballo nun proceso produtivo, identificando a súa achega ao proceso global, para participar activamente nos grupos de traballo e conseguir os obxectivos da produción.
- t) Identificar e valorar as oportunidades de aprendizaxe e a súa relación co mundo laboral, analizando as ofertas e as demandas do mercado, para manter o espírito de actualización e innovación.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	A prevención. Lexislación e organización.	Conxunto de normativas e estruturas creadas para evitar riscos e danos, promovendo a seguridade e benestar.	24	15
2	Factores de risco e primeiros auxilios.	Condicións ou comportamentos que aumentan a probabilidade de sufrir danos ou enfermidades, como a falta de seguridade ou hábitos pouco saudables. Os primeiros auxilios consisten en proporcionar atención inmediata e adecuada a unha persoa ferida ou enferma..	26	16



**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
3	O sector produtivo		4	5
4	A relación laboral e a negociación colectiva		10	9
5	O contrato de traballo e a xornada laboral		11	14
6	O salario e a súa remuneración		7	8
7	Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo		6	9
8	A Seguridade Social		6	9
9	A orientación profesional		13	15

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A prevención. Lexislación e organización.	24

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Adquire as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais consonte o establecido na normativa de prevención de riscos laborais vixente	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Valorouse a importancia da cultura preventiva en todos os ámbitos e as actividades da empresa ou do organismo equiparado, relacionando as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora, e identificando e clasificando os factores de risco na actividade e os danos derivados destes, especialmente as situacións de risco máis habituais nas contornas de traballo do sector profesional relacionado co título
CA1.5 Determináronse os principais dereitos e deberes en materia de prevención de riscos laborais
CA1.6 Clasifícaronse as formas de xestión da prevención na empresa ou no organismo equiparado, en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais, e determináronse as formas de representación das persoas traballadoras na empresa ou no organismo equiparado en materia de prevención de riscos



Criterios de avaliación
CA1.7 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa ou no organismo equiparado que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia, e reflexionouse sobre o contido deste
CA1.8 Determináronse os requisitos e as condicións para a vixilancia da saúde da persoa traballadora e a súa importancia como medida de prevención

4.1.e) Contidos

Contidos
Relación entre traballo e saúde. Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral. Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en materia de prevención de riscos laborais. Obrigas das empresas ou os organismos equiparados ante as emerxencias. Principais técnicas de prevención. Protección de persoas traballadoras en especiais situacións de vulnerabilidade (menores, maternidade e persoas especialmente sensibles a determinados riscos). Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades. Planificación da prevención de riscos na empresa ou no organismo equiparado: contido mínimo dun plan de prevención. Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos. Análise das condicións e dos límites da vixilancia da saúde na empresa, e das repercusións dos resultados dos recoñecementos médicos na relación laboral. Marco normativo. Órganos de representación e participación das persoas traballadoras na prevención de riscos laborais.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Factores de risco e primeiros auxilios.	26



4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Adquire as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais consonte o establecido na normativa de prevención de riscos laborais vixente	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.2 Clasifícanse e describíronse os tipos de danos profesionais relacionados co perfil profesional do título, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais
CA1.3 Determinouse a avaliación de riscos na empresa ou no organismo equipado e definíronse as técnicas de prevención e de protección que deben aplicarse para evitar os danos na súa orixe e minimizar as súas consecuencias
CA1.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia
CA1.9 Identifícanse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante distintos tipos de danos, así como a composición e o uso da caixa de primeiros auxilios

4.2.e) Contidos

Contidos
0Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia. Plan de emerxencia e evacuación en contornas de traballo. Composición da caixa de primeiros auxilios. Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar situacións de risco na súa contorna laboral. Análise dos factores de risco derivados das condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais na empresa ou no organismo equipado do sector produtivo do ciclo formativo. Actuación en caso de risco grave e inminente. 0Protocolos de actuación ante diversas situacións de emerxencia na empresa. Aplicación das principais técnicas de primeiros auxilios. Actuación responsable en situacións de emerxencia e primeiros auxilios.



Contidos
Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados.
Tipoloxía dos danos: patoloxías específicas (accidentes de traballo e doenzas profesionais) e outras patoloxías relacionadas cos riscos psicosociais (estrés laboral, acoso e outras formas de violencia laboral, fatiga etc.).
Medidas de protección individual e colectiva: equipamentos de protección individual e sinalización de seguridade.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	O sector produtivo	4

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Distingue as características do sector produtivo e define os postos de traballo, relacionándoos coas competencias profesionais expresadas no título	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Analizáronse as principais oportunidades de emprego e de inserción laboral no sector profesional, identificando as posibilidades de emprego e analizado os seus requisitos actuais para o perfil profesional
CA1.2 Comparáronse os requisitos esixidos polo mercado laboral coas esixencias para o traballo na función pública relacionados co sector privado
CA1.3 Reflexionouse sobre as actitudes e as aptitudes requiridas actualmente para a actividade profesional relacionadas co título, así como as competencias persoais e sociais máis relevantes para o sector, identificando a zona de desenvolvemento próximo

4.3.e) Contidos

Contidos
Traballo por conta allea e traballo por conta propia.
Análise das competencias profesionais e requisitos para o ingreso na Administración pública
Tendencias do mercado laboral e oportunidades emerxentes.



Contidos
Traballo na Administración pública. Identificación e descrición dos postos de traballo relacionados co perfil profesional do título: características, funcións, competencias, formación, actitudes e aptitudes requiridas. Análise do sector profesional do título do ciclo formativo. Situación laboral actual e futura. Competencias persoais e sociais máis demandadas no mercado laboral actual. Intelixencia artificial e automatización no mercado laboral e no sector profesional do título do ciclo formativo.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	A relación laboral e a negociación colectiva	10

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Analiza as súas condicións laborais como persoa traballadora por conta allea e identifícaa nos principais tipos de cambios e vicisitudes relevantes que se poden presentar na relación laboral, na normativa laboral e especialmente no convenio colectivo do sector	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Analizáronse as obrigas e os dereitos derivados da relación laboral, así como as condicións de traballo pactadas nun convenio colectivo aplicable ao sector profesional relacionado co título

4.4.e) Contidos

Contidos
Dereito do traballo. 0Análise da relación laboral individual. Conflitos colectivos na empresa. Sindicatos de traballadores e traballadoras, e asociacións empresariais.



Contidos
Retos laborais derivados da contorna dixital.
Dereitos e deberes derivados da relación laboral.
Novas contornas na organización do traballo e as súas implicacións nas relacións laborais.
Representación das persoas traballadoras na empresa.
Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	O contrato de traballo e a xornada laboral	11

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Analiza as súas condicións laborais como persoa traballadora por conta allea e identifícaa nos principais tipos de cambios e vicisitudes relevantes que se poden presentar na relación laboral, na normativa laboral e especialmente no convenio colectivo do sector	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.2 Comparáronse as principais modalidades de contratación, e localizáronse os modelos nas fontes oficiais
CA4.3 Identifícanse as características definitorias das novas contornas de organización do traballo e os dereitos que levan consigo

4.5.e) Contidos

Contidos
Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación.
Elementos, características e requisitos de formalización do contrato de traballo.



4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	O salario e a súa remuneración	7

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Analiza as súas condicións laborais como persoa traballadora por conta allea e identificaas nos principais tipos de cambios e vicisitudes relevantes que se poden presentar na relación laboral, na normativa laboral e especialmente no convenio colectivo do sector	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.4 Identifícaronse os compoñentes do recibo de salario

4.6.e) Contidos

Contidos
Análise do recibo de salario e das súas partes.
Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución etc.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo	6

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Analiza as súas condicións laborais como persoa traballadora por conta allea e identificaas nos principais tipos de cambios e vicisitudes relevantes que se poden presentar na relación laboral, na normativa laboral e especialmente no convenio colectivo do sector	NO



4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.5 Identifícanse os recursos laborais existentes ante as vicisitudes que se poden dar na relación laboral

4.7.e) Contidos

Contidos
Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	A Seguridade Social	6

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Analiza as súas condicións laborais como persoa traballadora por conta allea e identificaas nos principais tipos de cambios e vicisitudes relevantes que se poden presentar na relación laboral, na normativa laboral e especialmente no convenio colectivo do sector	NO

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.6 Analizouse o papel da Seguridade Social como pilar esencial para a mellora da calidade de vida da cidadanía
CA4.7 Analizáronse as principais prestacións derivadas da extinción da relación laboral



4.8.e) Contidos

Contidos
Estrutura do sistema de Seguridade Social.
Prestacións contributivas da Seguridade Social (incapacidade temporal e permanente, nacemento de fillos e fillas, morte e supervivencia, e xubilación).
Protección por desemprego: requisitos e trámites. Cálculo da prestación.
Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social.
Seguridade Social e estado do benestar.

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	A orientación profesional	13

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Analiza e avalía o seu potencial profesional e os seus intereses para se guiar no proceso de autoorientación, e elabora unha folla de ruta para a inserción profesional con base na análise das competencias, os intereses e as destrezas persoais	SI
RA3 - Aplica as estratexias para a aprendizaxe autónoma recoñecendo o seu valor profesionalizador, deseñando e optimizando a súa propia contorna de aprendizaxe con uso das tecnoloxías dixitais como ferramentas de aprendizaxe autónoma, sendo coherente coa súa identidade dixital e cos seus propios obxectivos profesionais, expostos no seu plan de desenvolvemento individual	SI

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Avaliáronse as motivacións, as habilidades, as destrezas e os intereses propios no marco dun proceso de autococñecemento
CA2.2 Analizáronse as calidades e as competencias persoais afíns á actividade profesional relacionada co perfil do título
CA2.3 Determináronse as competencias persoais e sociais con valor para o emprego
CA2.4 Sinaláronse as preferencias profesionais, os intereses e as metas no marco dun proxecto profesional



Criterios de avaliación
CA2.5 Valorouse o concepto de autoestima no proceso de procura de emprego
CA2.6 Identificáronse as fortalezas, as debilidades, as ameazas e as oportunidades propias para a inserción profesional
CA2.7 Identificáronse expectativas de futuro para inserción profesional analizando competencias, intereses e destrezas persoais
CA2.8 Valoráronse fitos importantes na traxectoria vital con valor profesionalizador
CA2.9 Identificáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional
CA2.10 Formuláronse obxectivos profesionais e determináronse metas persoais e profesionais para a mellora da empregabilidade e as condicións de inserción laboral
CA2.11 Trazouse un plan de acción para desenvolver as áreas de mellora e potenciar as fortalezas persoais con valor para o emprego
CA3.1 Tomouse conciencia da responsabilidade individual no desenvolvemento profesional, valorando a actitude de aprendizaxe permanente para o desenvolvemento das propias e das novas competencias
CA3.2 Identificouse a empregabilidade como capacidade de adaptación á contorna laboral
CA3.3 Coñecéronse e utilizáronse ferramentas, fontes de información, conexións e actividades para a configuración dunha contorna persoal de aprendizaxe para a empregabilidade
CA3.4 Púxose en práctica a competencia dixital para configurar unha contorna persoal de aprendizaxe para a empregabilidade
CA3.5 Analizouse o concepto de identidade dixital e o seu impacto na empregabilidade
CA3.6 Xustificouse o deseño da súa contorna de aprendizaxe baseada en como esta mellora a empregabilidade
CA3.7 Elaborouse o seu plan de desenvolvemento individual como ferramenta para a mellora da empregabilidade
CA3.8 Aplicáronse as ferramentas de aprendizaxe autónoma para o seu desenvolvemento persoal e profesional
CA3.9 Deseñouse a contorna de aprendizaxe que permite alcanzar o plan de desenvolvemento individual



4.9.e) Contidos

Contidos
Oportunidades de formación e emprego en Europa.
0Aspiracións e metas: definición de obxectivos profesionais.
Información sobre a estrutura do sistema educativo.
Servizos de orientación académica. Programas, oportunidades e axudas para a formación.
Itinerarios académicos: información sobre as opcións para cursar na formación profesional, noutros estudos postobrigatorios e nos estudos superiores.
Equipos de traballo. Importancia do traballo colaborativo. Liderado como trazo da personalidade.
Autoanálise e avaliación do potencial profesional en relación cos requisitos actuais do perfil profesional do título. DAFO persoal.
Identificación e autoanálise de intereses, capacidades, motivacións, aptitudes, fortalezas e debilidades persoais para o proxecto profesional ao que se aspire.
Estratexias para superar as eivas de comunicación.
Habilidades de organización e xestión.
Identificación e análise dos itinerarios formativos profesionais relacionados co título do ciclo formativo.
Axudas e recursos para superar carencias e afrontar retos persoais: probas obxectivas e tests psicométricos.
0A formación permanente na traxectoria laboral e profesional como factor clave para a adaptación ao cambio.
Autocoñecemento, autonomía persoal e autopercepción.
Conflito: concepto, causas, tipos e resolución. Negociación.
Capacidade autocrítica. Iniciativa persoal. Pensamento creativo.
Autoestima: confianza, perseveranza e seguridade nun mesmo.
Ferramentas dixitais na interacción cos demais. Networking.
Autoanálise e toma de decisións académicas e profesionais.
Habilidades sociais e habilidades de comunicación.
Concepto e características.

Contidos
0Concepto. Necesidade dunha avaliación periódica do progreso. Identificación e análise das necesidades persoais de aprendizaxe para a empregabilidade. Ferramentas e fontes de información e formación: cursos en liña ou webinaros; libros, blogs; plataformas, aplicacións móbiles; certificacións en liña; grupos de discusión. Protección de datos persoais e identidade dixital. Contorna de aprendizaxe para a empregabilidade. Pegada e reputación dixital. Relevancia para a empregabilidade.. Xestión de identidades dixitais: persoal e profesional. Riscos derivados dunha xestión inadecuada. Deseño dunha contorna persoal de aprendizaxe para o desenvolvemento persoal e profesional. Importancia do plan como ferramenta para maximizar o potencial e o desenvolvemento persoal e profesional. Rede persoal de aprendizaxe: redes sociais, profesionais e de comunicación.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

A avaliación da aprendizaxe ten como finalidade determinar en que medida foron logrados os resultados de aprendizaxe (RA). Para comprobar se o alumnado alcanzou os RA, utilizamos os criterios de avaliación (CA), que nos indican a profundidade coa que temos que traballar os contidos para que eses RA sexan alcanzados.

Para superar o módulo, o alumnado deberá alcanzar un mínimo de 5 en tódalas unidades didácticas, para isto é necesario:

1. Sacar como mínimo un 50% en tódolos CA.
2. Sacar unha nota mínima de 5 puntos en cada unidade didáctica para superar a avaliación. As cualificacións obtidas polo alumno/a expresaranse en cifras de 1 a 10, sen decimais. En caso de aprobar a unidade (numéricamente) pero ter algún CA suspenso, a nota da unidade será un 4. O/a alumno/a terá que recuperar soamente ese CA, gardando a nota do resto. No momento en que se recupere o CA, asignarase á unidade correspondente a nota en función dos pesos de cada CA.

A nota de cada unidade didáctica será a media aritmética obtida en cada CA. De facer varios exames ou tarefas ao longo da avaliación nunha unidade, éstas valoraranse calculando a media aritmética das mesas. Para avaliar as tarefas e traballos empregarase unha rúbrica, táboa de observación ou lista de cotexo.



A nota de cada avaliación será a media ponderada das unidades que se impartan en dita avaliación segundo os pesos correspondentes. A nota final do curso, será calculada mediante a suma das notas ponderadas de cada avaliación.

A avaliación dos CA de contido teórico traballados na avaliacións, realizarase mediante os diferentes instrumentos da avaliación establecidos para cada CA na programación didáctica.

A cualificación de cada unidade didáctica virá dada pola expresión, sendo un 70% da cualificación a nota dos exames e un 30% a nota dos traballos e tarefas:

$0,70 \text{ Ex} + 0,30 \text{ Ta/Tr}$

Naquelas unidades onde non se faga proba escrita (exame), o 100% da cualificación daraselle aos traballos.

A cualificación final do módulo virá dada polos seguintes pesos, reflectidos na programación didáctica:

Ex, é a cualificación sobre 10 obtida no exame ou a media dos exames realizados en cada unidade desa avaliación.

Ta/Tr, é a cualificación sobre 10 obtida nas tarefas ou traballos, individuais ou grupais, realizados o longo de cada unidade desa avaliación.

Para que os traballos e o exames sexan valorados positivamente deberán superarse cunha puntuación mínima dun 5 e ser entregados na forma e data indicadas pola profesora.

Compre ter un mínimo dun 4 en cada proba de exame ou traballo de cada unidade para facer a nota media desa unidade.

EXAMES (Ex)

En cada avaliación realizaranse un ou varios exames escritos, a media aritmética dos mesmos suporá un 70% da nota final da unidade didáctica. O profesorado indicará con antelación as datas, hora e lugar.

As probas obxectivas serán realizadas sobre unha ou varias unidades didácticas conxuntamente. Poderán constar de preguntas tipo test, varias preguntas curtas, cuestións de verdadeiro e falso, preguntas longas a desenvolver e/ou realización supostos prácticos. O número de preguntas poderán variar dun a outro exame.

TRABALLOS (Tr) e TAREFAS (Ta)

Para que un traballo sexa calificado terá que ser debidamente entregado á profesora mediante a aula virtual, na tarefa establecida e na data indicada en formato PDF. A cualificación representará o 30% da nota da unidade. Non se terán en conta os traballos presentados despois da data ou data límite de entrega fixada pola profesora.

OUTRAS CONSIDERACIÓNS:

En aplicación do Decreto 8 / 2015, queda prohibido o uso do teléfono ou calquera dispositivo móbil na aula por parte do alumnado calquera que sexa a finalidade do seu uso, sempre que non sexa expresamente autorizado pola profesora para cuestión didácticas (lémbrese a existencia das NOF onde se aborda asemade esta cuestión)

Sen perxuízo das medidas disciplinarias axeitadas, aqueles alumnos/as que incorresen en calquera tipo de fraude nas probas obxectivas, fose sorprendido copiando ou utilizando materiais non autorizados na realización das probas, será cualificado coma 0 e non terá dereito a repetición da proba.

NOTAS:



1. Para a superación do módulo compre ter todas as avaliacións superadas, tomándose en consideración, ademais dos exames, os traballos e tarefas a entregar.
2. Os alumnos que non teñan todas as avaliacións superadas deberán realizar o exame final coas partes que determine o profesor para superar o módulo e, aqueles que teñan perdido o dereito de avaliación continúa realizarán o Exame Extraordinario para a cualificación do módulo, indicado no apartado 6 desta programación.
3. A superación da UF 2 non implicará a superación da UF 1, debendo estar ambas avaliadas positivamente para acadar a avaliación positiva do módulo de FOL, conforme á lexislación vixente.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Cando unha persoa non aprobe un RA (ou máis) deberá recuperalos. As razóns da non superación dos RA poden ser:

- 1.Non ter superado un (o máis) criterios de avaliación mínimos nunha unidade didáctica.
- 2.Non ter superado algunha unidade didáctica ao non obter unha cualificación de 5 puntos.

En ámbolos casos, o docente determinará un plan específico para a súa recuperación. No caso de que sexa un mínimo esixible, a recuperación realizarase ao final do trimestre ou o inicio do seguinte. Este plan virá determinado polo/s criterio/s de avaliación suspensos e consistirá na realización dunha proba escrita (teórica ou práctica) ou na entrega de tarefas ou traballos, segundo o criterio do docente.

Estas novas actividades de recuperación, poderán ser avaliadas independentemente do instrumento establecido con anterioridade, é dicir, un criterio avaliado primeiramente cunha táboa de observación, poderá ser avaliado para a súa recuperación a través dunha proba escrita.

O alumno deberá entregar todas as tarefas e traballos do curso, como data límite, o día do exame de recuperación.

A nota para facer os cálculos da cualificación final será a obtida nestes exames de recuperación.

EXAMES DE RECUPERACIÓN FINAL DE XUÑO:

En caso de non ter superada a materia, o alumnado terá unha nova oportunidade de facelo nas Probas de Recuperación Final que se programarán para o mes de xuño. Nestas probas, cada estudante terá dereito a acadar unha valoración positiva nos CAs non superados.



En caso de ter obtido nalgún trimestre unha nota inferior a 5 e non ter recuperado esa materia, a cualificación do terceiro trimestre non poderá ser superior a 4 e o alumnado terá a opción de superar as partes non aprobadas (os CAs) na Recuperación Final. Para tal fin, desenvolveranse actividades de recuperación no mes de Xuño.

A nota para facer os cálculos da cualificación final será a obtida nestes exames de recuperación.

ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN DE XUÑO:

O mes de xuño destinarase á recuperación do alumnado que non superase alguna avaliación.

Os instrumentos de avaliación e criterios de cualificación para a Recuperación Final de Xuño serán idénticos aos da avaliación ordinaria.

A nota para facer os cálculos da avaliación de recuperación final será a obtida nestes exames de recuperación.

Con independencia do sinalado, o profesor recomendará a realización de exercicios e actividades aos alumnos ou alumnas con dificultades de aprendizaxe da materia, para que eles poidan confeccionalos de forma autónoma. Igualmente o profesor establecerá actividades de reforzo para realizar polo alumnado con dificultades para conseguir os obxectivos do módulo.

No caso de que a profesora advirta ou observe claros indicios de que algún alumno/a copie ou intente copiar, o alumno/a quedará automaticamente suspenso/a, quedando a criterio da profesora, a posibilidade e forma de recuperación. Procederase do mesmo xeito de dous ou mais alumnos ou alumnas falan durante o exame. Para o resto de medidas contrarias á coconvivencia, aplicaranse as NOF do centro.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

A orde de 12 de xullo de 2011, establece no seu artigo 25.5 o dereito, por parte do alumnado que perdese a avaliación continua, a realizar unha proba extraordinaria previa á avaliación final dos módulos correspondentes. A maiores, o número de faltas que implica a perda da avaliación continua nun determinado módulo, será do 10% respecto da súa duración total. Para os efectos da determinación da perda do dereito a avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumnado na xustificación de faltas, cuxa aceptación será acorde ao establecido no correspondente regulamento de réxime interno do centro (tamén denominadas como normas de organización e funcionamento (NOF)

A avaliación extraordinaria, consistirá nunha proba coa totalidade dos mínimos esixibles do módulo, que terá partes teóricas e prácticas.

Para realizar a proba, o alumnado deberá levar un bolígrafo azul ou negro e unha calculadora non programable (para a parte práctica). Disporá de dúas horas e media para todo o exame.

A nota para facer os cálculos da avaliación extraordinaria final será a obtida nestes exames de recuperación.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A programación será obxecto de seguimento durante o ano académico. Desta forma, modificaranse aqueles aspectos que tras a súa posta en práctica, non sexan axeitados para o alcance dos RA por parte do alumnado.

O seguimento da programación por parte do docente realizarase ao final de cada unidade(ou mensualmente no caso de unidades superiores a esta medida temporal), reflectindo as variacións realizadas respecto á programación orixinal, na aplicación informática disposta pola administración. Estas variacións serán tidas en conta para as programacións dos próximos cursos, tanto para a súa mellora, como para a práctica docente. A maiores, cada departamento realizará cunha frecuencia mínima mensual, o seguimento das programacións de cada módulo, e reflectirá no acta de devandita reunión, o grao de cumprimento con respecto á programación inicial, e a xustificación razoada en caso de desviacións.

Por outra banda, serán tidos en consideración os resultados das enquisas que a administración realiza ao alumnado sobre o docente e a súa práctica como tal.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Deben distinguirse tres momentos clave no proceso de avaliación do alumnado:

1. Avaliación inicial, que se realiza ao comezo do curso e ao inicio de cada unidade didáctica.
2. Avaliación formativa ou continua, a levar a cabo ao longo de todo o proceso de ensino aprendizaxe.
3. Avaliación final, realizada ao final do curso; será o resultado da suma das valoracións parciais levadas a cabo durante a avaliación continua.

AVALIACIÓN INICIAL



ANEXO XIII MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

A avaliación inicial ten como obxectivo identificar os coñecementos, destrezas e competencias previas coas que conta o alumnado antes de comezar a traballar os contidos do módulo. Consideraranse os estudos previos, a experiencia profesional e as vivencias en relación aos contidos de cada Unidade.

Procedementos para a realización da avaliación inicial:

Ao comezo do curso, a través da ficha persoal do alumno/a, realizarase unha valoración sobre os datos académicos e profesionais que facilite ao profesor.

Nas reunións de tutoría analizarase a situación persoal de cada alumno/a, para coordinarse co departamento de Orientación, en caso de detectar alumnos con necesidades educativas especiais, e determinar as accións correctoras ou de apoio a levar a cabo.

En cada Unidade Didáctica procurarase facer unha sondaxe inicial para saber o nivel de coñecementos do alumnado respecto da materia a impartir, téndoo en conta para adecuar os métodos, medios didácticos e o tempo a empregar.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

sta proposta didáctica ten en conta o principio de "deseño para todos". Para tal efecto, recolle as medidas necesarias para que cada alumno poida acadar os resultados de aprendizaxe do módulo. Adótaranse medidas de reforzo e apoio, procurando que estas non afecten significativamente á consecución dos resultados de aprendizaxe previstos para cada un dos módulos profesionais según establece o decreto 114/2010. A diversidade preséntase no ámbito da formación en múltiples formas e ven expresada por unha serie circunstancias, tales como: coñecementos previos e experiencias persoais e laborais, motivacións e expectativas ante o aprendizaxe, intereses persoais, profesionais e vocacionais, capacidades xerais ou diferenciadas, ritmos de traballo e de aprendizaxe, situacións persoais e familiares, habilidades e destrezas desenvolvidas, orixe racial ou étnico diferenciador, contorna socioeconómica do lugar de residencia, discapacidades físicas, psíquicas e/ou sensoriais ou sobredotación intelectual, entre outras.

Debemos contemplar a diversidade como fonte de oportunidades e de riqueza, centrándonos en adecuar os aspectos metodolóxicos ás singularidades do alumnado.

Será preciso realizar unha avaliación inicial, coa amplitude que se considere necesaria, coa colaboración do departamento de orientación, para detectar ao alumnado con necesidades educativas especiais e as súas demandas específicas.

Tomando en consideración o establecido polo Decreto 114/2010 respecto á atención á diversidade, cómpre facer unha breve referencia á serie de medidas que teríamos en conta na atención a este tipo de alumnado:

- Medidas de acceso ao currículo para alumnos con deficiencias sensoriais ou físicas: entrega do material cun tamaño de fonte máis grande ou en soporte informático; permitirles realizar exercicios, supostos e exames co em-prego do ordenador e ferramentas informáticas.
- Agrupamentos: á hora de traballar en equipo, estes serán formados por alumnos con diversidade de competencias e motivacións, coa fin de que os alumnos se axuden entre si
- Adaptacións curriculares non significativas para aqueles alumnos con necesidades educativas especiais, co asesoramento do departamento de orientación e sen que afecten aos elementos preceptivos do currículo.
- Actividades de ampliación e de investigación para aqueles alumnos que presenten un rendemento académico moi superior o resto do grupo: emprego das TICs e fomento da busca autónoma de información para resolver supostos e analizar a realidade sociolaboral.
- Medidas de reforzo educativo, tales como actividades graduadas segundo diferentes niveis, garantindo sempre a adquisición dos contidos mínimos; modificación da localización do alumno en clase; repetición



individualizada dalgunhas explicacións ou potenciación da participación do alumno e a consecución de pequenos logros como elementos de motivación.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Debemos programar unha serie de temas e contidos a traballar de forma transversal a medida que imos abordando os distintos bloques de contidos do módulo. Desta maneira, procuraremos destacar uns determinados valores de forma simultánea á transmisión de coñecementos. Prestarase especial atención á celebración da Constitución, oa Día 1º de Maio, Día do Consumidor, Saúde, Europa, Medio Ambiente e Letras Galegas.

Algúns deses valores deberán ser transmitidos de maneira transversal:

- Educación ambiental, relacionada co bloque de contidos de saúde laboral (factores de risco físicos, químicos, biolóxicos) xa que é preciso sensibilizar ao alumnado respecto á necesidade de empregar materiais e sistemas inocuos, de cara a favorecer unha protección do medio e un aumento nos niveis de calidade e seguridade.
- Educación na Prevención de Accidentes, vinculado co bloque de sinalización e prevención de accidentes de traballo. Aproveitarei este contido curricular para facer énfase na importancia de previr accidentes de todo tipo, non soamente laborais senón tamén domésticos e de tráfico.
- Educación para a Saúde, presente en todo o bloque de saúde laboral, especialmente nos temas de prevención de riscos e tamén no de primeiros auxilios. De novo, extrapolaremos este contido á vida non laboral: importancia dunha dieta sa e equilibrada, valoración positiva do exercicio físico e do deporte, potenciación da protección ante as enfermidades de transmisión sexual, embarazos non desexados, tabaquismo, etc.
- Igualdade de oportunidades / Rechazo do Sexismo / Multiculturalidade, a igualdade no acceso ao emprego é un contido curricular do módulo. Sen embargo, débese fomentar unha posición actitudinal adecuada, ao longo de todo o curso transmitindo a importancia de respectar ao outro con independencia da súa orixe, sexo, raza, orientación sexual, ideoloxía, relixión, etc. Así como valorar a diversidade cultural e humana como fonte de riqueza e non de conflito.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Ao longo do curso pódense levar a cabo diversas actividades complementarias coma visita aos Xulgados do Social, charla da Inspección de Traballo, visitas a diversas instalacións da Seguridade Social ou do SEPE entre outros.